



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA FUNDACIÓN DIALNET DE LA UNIVERSIDAD DE LA RIOJA, LA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE LA XUNTA DE GALICIA Y EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde teñen previsto formalizar coa Fundación Dialnet da Universidad de la Rioja o instrumento convencional arriba referido con vixencia de dous anos contar dende o día da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun acordo de cooperación entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Dialnet sendo o seus obxectivos incluír en Dialnet os títulos de revistas e publicacións acordados no citado convenio co fin de poder ofrecer, dunha forma rápida e eficiente, os contidos das devanditas revistas ás persoas usuarias de Dialnet e sentar as bases para a prestación de novos servizos documentais que poidan ser do interese das persoas usuarias da Biblioteca Virtual Biblosaúde, en xeral, e para o colectivo docente e investigador en particular.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

No interese das partes de articular a súa colaboración no eido da difusión de coñecementos científicos e técnicos, a través da sinatura dun novo convenio no cal





senten as bases para a prestación de novos servizos documentais que poidan ser de interese tanto para as persoas usuarias de Bibliosaúde en xeral como do colectivo docente e investigador en particular.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

